



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 02/2011

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u> D. José María García Rivera.</p> <p><u>CONCELLEIROS</u> D^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D^a Ana A. Incera Ares. D^a Elsa Otero Otero. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D^a Verísima Eiroa Couto. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D^a. María Xosefa Alonso Otero.</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><u>SECRETARIA</u> D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:40 horas do vinte catro de febreiro de 2011, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
---	---

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30-12-2010.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 30 de decembro de 2010 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria.

O portavoz do BNG intervéñen para dicir que na páxina 6 da acta, no punto 7 da orde do día, onde di "O portavoz do BNG preguntalle ao Sr. Alcalde se falou con eles" quere engadir "e se era o que pedían". De maneira que quede redactada esa intervención "O portavoz do BNG preguntalle ao Sr. Alcalde se falou con eles e se era o que pedían".

Non habendo mais intervencións, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes a acta da citada sesión coa corrección sinalada, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.- MOCIÓN DO PP INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A IMPULSAR O CORREDOR ENTRE BARREIROS SAN CIPRIÁN.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2011, sobre a moción do PP instando ao Ministerio de Fomento a impulsar o corredor entre Barreiros e San Ciprián.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o Sr. Fernández Manín para expresar que xa pasou un tempo prudencial para dar resposta ás alegacións, deben comprometerse para que ese corredor sexa unha realidade.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo non está en desacordo con que o corredor se axilice, agora que hai un acordo de que se rematase para 2014 e iso rómpese e o Goberno e a Xunta deben poñerse de acordo, deben poñer unha data xa definitiva, por iso o seu grupo vaise abster.

O Sr. Alcalde manifesta que el non acaba de entender ao PP, que están apurando ao goberno a que se poñan a facer iso cando o Goberno foi o que iniciou a A-8 e o Goberno do PP non fixo nada e terán que facer algo pola terra. Explica que a prioridade del e do seu grupo era rematar a autovía A-8. Exclama que xa está ben de papeis, hai que ser responsables, o seu grupo non vai dicir nunca que non a unha moción dun grupo que sexa para mellorar, pero que fagan xa algo, van apoiar esa moción porque entenden que hai que apoiar todo o que sexa mellorar.

O portavoz do PP lle replica ao portavoz do BNG que non poden compararse os tramos San Ciprián- Viveiro con ese tramo. Dirixíndose ao Sr. Alcalde lle replica que non pode poñer outro exemplo que non estea na moción, porque se non o seu grupo tamén saca outros temas. Conclúe dicindo que o que pide o seu grupo é que se responda ás alegacións e que se faga.

O Sr. Alcalde di que se está falando de estradas, autovías e demais, que hai que ser responsables, o corredor non é prioritario no momento actual, se non que a prioritaria é a outra, o que non impide que sigan os papeis, e na época en que se vive, hai que resolver eses problemas e facer outros estudos xeotécnicos e as alegacións son peliagudas e difíciles.

Rematado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 PSOE e 4 PP).
- Abstencións: 3 (BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Ministerio de Fomento para que resolva no prazo máximo dun mes as alegacións recibidas fronte ao Estudio Informativo e o Estudio de Impacto Ambiental do corredor viario entre San Ciprián e Barreiros, proceda á información do novo proxecto en caso de ser viable algunha das alegacións presentadas e, con posterioridade estableza un cronograma de execución concreto, comprometendo os investimentos necesarios e suficientes para facelo realidade.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno de España, ao Ministerio de Fomento e aos Grupos Parlamentarios do PP, PSOE e BNG nas Cortes Xerais.

3.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á FROTA PESQUEIRA GALEGA DIANTE DA REDUCIÓN DAS COTAS DE CAPTURA.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2011, sobre a moción do BNG de apoio á frota pesqueira galega diante da redución das cotas de captura.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o portavoz do BNG para explicar que a moción está suficientemente clara, vai no sentido de apoiar aos mariñeiros galegos e á frota pesqueira galega. Di que á hora de defender os intereses pesqueiros de Galicia non hai alí unha representación adecuada dos mesmos. Sendo Galicia unha potencia pesqueira coma é non pode perder un sector económico básico.

O portavoz do PP manifesta que apoian a moción e que están de acordo co expresado polo BNG.

O Sr. Alcalde explica que non é que non haxa xente defendendo a España en Europa, o que pasa que os españois se queixan de Europa cando se fala da cabala, pero non cando dan fondos para infraestructuras. Son convenios que hai que aguantar con eles. Aclara que todos os Comisarios que ten España en pesca son expertos e non son tontos, o que pasa que Suecia impón tamén os seus criterios e está apoiada por outros países, así que, salvo que lle metan algún gol, coma parece ser que pasou coa cigala, defenden os intereses moi ben. Conclúe dicindo que o seu grupo está de acordo coa moción.

Non habendo mais intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno do Estado a convocatoria urgente dun Consello de Ministros da Unión Europea que posibilite o incremento das cotas de pesca asignadas á frota galega para a captura de lirio, xarda, xurelo e pescada, que permita a actividade extractiva normal até o 31 de decembro deste ano, e a presentación de informes científicos e fundados que avalen calquera decisión que se adopte.

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza a que, así mesmo, demande do Goberno do Estado a presenza de Galiza neste proceso negociador.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza que garanta medidas socioeconómicas dirixidas a tripulantes e armadores da frota pesqueira galega para o caso de verse afectada pola restricción de capturas, así como para as actividades directamente vinculadas a estes segmentos de frota.

4.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2011, sobre a moción do BNG contra a privatización das Caixas de Aforro.

O portavoz do BNG explica que parece que xa se avanzou nun sentido negativo para Galicia porque parece que as Caixas se van converter nun Banco, xa que ao final as Caixas de Aforro galegas van desaparecer, mentres outras Comunidades Autónomas as manteñen. Prosegue dicindo que eran básicas para determinados sectores. Poden querer vender que non hai alternativas contra as pensións, pero si que as hai, o que non se pode é tragar, coma se di vulgarmente, matiza, porque ao final perxudica a Galicia e aos galegos e galegas.

O portavoz do PP manifesta que na Comisión Informativa a postura do seu grupo foi a votación a favor, pero no consello de Administración a día da data acordouse iniciar os trámites para constituír un banco. Polo que o seu grupo vaise abster, dado ese acordo.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que el non é desa defensa, é da defensa do benestar social e todo iso leva consigo cumprir todos uns parámetros que marca a normativa. Outras Comunidades Autónomas cumpriron eses parámetros e teñen o privilexio para ter caixa e Galicia non as cumpre. O que ten que haber é un grupo forte, pero non polo xeito de ser galega ten que ser caixa e ter o nome en galego. Lle contesta ao portavoz do BNG que falou do pensionazo e non ter nada que ver con o asunto. Conclúe a súa intervención dicindo que hai que tomar decisións duras, coma as que ten o Goberno que tomar, existen unhas regras de xogo que si non se cumpren hai que aguantar.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz do PP manifesta que hai que partir da base de que candos e fixo a fusión o Banco de España deu unhas directrices e se cumpriron, pero na actualidade trocáron e o que non pode ser é trocalas.

O portavoz do BNG di que non van falar do Estado do bienestar e das pensións, reducións de salarios e todas esas cuestións. Expresa que o obxectivo fundamental era que desapareceran as Caixas e cumpríuse; non é xusto que a uns se lles pida unha cousa e a outros outra; en Galicia se cumpriu e ademais con adiantamento. Explica que a diferenza entre un Banco e unha Caixa é bastante grande, teñen obra social, hai certa participación política e o sentido dos Bancos consiste en gañar diñeiro.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para recordar que cando había unha bonanza tremenda, a calquera persoa con un traballo de seis meses dábanlle un préstamo, tanto o Banco coma as Caixas. No temas das Caixas primeiro houbo un corte e despois establecéronse as condicións que marcou o Banco de España, non se cumpriron e elas non protestan tampouco. Pregunta por que non poden manter esa obra social. Aclara que o Goberno fixo os seus esforzos e non realizou ningún recorte, subiu as pensións, redactou a lei da Dependencia; algunhas axudas que creou houbo que recortalas despois, pero hai que preparar o país para a nova época. Conclúe dicindo que quere unha entidade galega que compita.

Rematado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3(BNG).
- Abstencións: 4 (PP).
- Votos en contra: 6 (PSOE).

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).

Segundo.- Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.

Terceiro.- Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestructuración das caixas de aforro galegas leve aparelada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

Cuarto.- Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos Central e Galego que eviten calquera tentantiva para que as caixas de aforros sexan alleadas a favor da banca privada e do capital financeiro.

5.- MOCIÓN DO PSOE SOBRE A HOSPITALIZACIÓN.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2011, sobre a moción do PSOE sobre a hospitalización.

O Sr. Alcalde explica a moción.

Toma a palabra o portavoz do PP para dicir que para o seu grupo é un tema sanitario mais e recorda que esa moción se presenta en toda a Provincia de Lugo.

Non habendo mais intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Primeiro.- Que se creen dúas unidades de hospitalización a domicilio na área sanitaria de Burela (área norte). Se amplíe a hospitalización a domicilio con outras dúas unidades na área sanitaria de Lugo (área centro); e que se cree unha unidade de hospitalización a domicilio na área sanitaria de Monforte (área sur).

Segundo.- Que tódolos servizos de atención primaria dispoñan de enfermeiras xestoras de casos.

6.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2011.

Pola Secretaria da Corporación dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda en sesión celebrada o 21 de febreiro de 2011, sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011.

O portavoz do PP manifesta que se encontran diante de un recoñecemento extraxudicial de crédito como moitos outros anteriores e lle resulta incómodo volver a citar o informe de intervención en relación ás observacións que fai, coma que segue incumprindo os contratos menores, as facturas non están conformadas, adquire compromisos a futuro. Pregunta por que se meten facturas de 2008.

O Sr. Alcalde contesta que porque dixo o Interventor que se extraviara.

A continuación o portavoz do PP enumera as facturas do ano 2008 que constan no expediente e di que por moito que vaian e veñan algo pasou con esas facturas.

O Sr. Alcalde contesta que ao que hai que atender é a que o gasto está feito.

Prosegue dicindo o Sr. Fernández Manín que din que as leis están para cumprilas e o Alcalde está cuns orzamentos do ano 2008.

Replicalle o Sr. Alcalde que gracias ao grupo do PP, que os votou en contra.

Continúa dicindo o portavoz do PP que cando se fixo o expediente dos danos dos temporais avisou de que había que diferenciar o persoal da maquinaria da Deputación e agora hai no expediente unha factura de persoal que traballou con esa maquinaria. Anuncia que o seu grupo vai votar en contra.

O Sr. Alcalde lle contesta que mire ben o que di o informe do Interventor, que se deben aprobar as facturas.

Toma a palabra o Sr. González Basanta para expresar que si que o di, e pregunta de quen é a responsabilidade. Di que se segue coa mesma forma de actuar, antes tiña remanente e agora o imputa ao orzamento de 2011.

O Sr. Alcalde manifesta que o que hai que ser é responsable.

O portavoz do BNG afirma que si e agora o Sr. Alcalde está tapando un furado con outro.

O Sr. Alcalde insiste en que hai que pagar á xente.

Insístelle ao Sr. Alcalde o portavoz de BNG de que cumpra co control do gasto e o plan de saneamento.

Prosegue o Sr. Alcalde dicindo que todas as Corporacións fan eso porque é inevitable.

O portavoz do BNG di que hai outra cuestión, que non é inevitable, que é unha gran cantidade de facturas que non cumpren coa lei.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Contéstalle o Sr. Alcalde que iso é unha falacia, lle recrimina que cando quere pon en boca aos técnicos e sácao en tódolos foros e agora que o interventor que di que hai que aprobalo sae con desculpas.

Continúa dicindo o Sr. González Basanta que había formas de evitalo e o seu grupo non vai abalar ese expediente porque é poñer en perigo a contabilidade do Concello e ao Concello.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo ten que sacar maioría absoluta para que o seu grupo vaia para adiante. E non hai orzamentos porque os demais grupos non deixaron que os houbera e o orzamento é o que recolle as inquietudes do pobo. Lévese tres anos sen orzamentos e dende que se aprobou o último púxose en marcha o CENIMA, a galescola, a nave e fixéronse novas zonas verdes e o mantemento de todo iso non figura nos orzamentos. Aclara que aínda hai de remanente 60.000 € e habían sacado na prensa que se consumira.

Pregunta o Sr. González Basanta onde meteu o resto.

Respondéndolle o Sr. Alcalde que en todo eso. Preguntando a continuación como se financian as cosas novas; explica que si se aprobara o orzamento no 2010 non había ese problema porque eses centros terían a súa cantidade nos orzamentos. Manifesta que están fastidiando ao pequeno comercio, as facturas son de gasto corrente, non de inversión, pero advírtelles que aló eles, xa que a lexislatura remata e o goberno municipal vaise marchar levando á mesa de plenos un recoñecemento extraxudicial de facturas, porque sexa quen sexa, a seguinte Corporación, non lle queda nin un so euro fora de contabilidade, sen embargo, recorda que cando el entrou, no ano 95, encontrouse con 300.000 € fora de contabilidade. Finaliza a súa intervención dicindo que vai ser tremendo que os empresarios teñan que ir ao xulgado para poder cobrar unhas facturas que son totalmente legais. Aclara que dos recibos da luz quedaron ao redor de 100.000 € fora de contabilidade.

Rematado o debate se procede á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6(PSOE).
- Abstencións: ningunha.
- Votos en contra: 7 (4 PP e 3 BNG).

Resultando non aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2011 por importe de **288.883,32 euros**, correspondentes a gastos de exercicios anteriores que se indican a continuación e figuran os seus respectivos soportes materiais no presente expediente:

Os gastos a regularizar son os que se inclúen nas relacións de facturas cos números 77 e 2 que forman parte do expediente que comezan respectivamente pola factura de ISOLUX CORSAN por importe de 427,48 euros e remata pola de MARINA ABAD LOPEZ por importe de 1.369,06 euros, constando de 33 páxinas, e un importe total de 260.626,62 euros; e a segunda pola factura de LIMPEZAS GALA NOIS por importe de 1.362,90 euros e remata pola de MRW por importe de 130,61 euros, constando de 7 páxinas, e un importe total de 28.206,60 euros.

Segundo.- Aplicar, con cargo ao Orzamento municipal prorrogado para o exercicio 2011 os créditos recoñecidos, imputándoos ás partidas correspondentes segundo o sinalado nos propios listados de facturas, nas que se realizará a correspondente retención.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

7.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 28 DE XANEIRO AO 16 DE FEBREIRO DE 2011.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 28 de xaneiro ao 16 de febreiro de 2011 e que foron postas de manifesto á Secretaria, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

Non se presentaron mocións de urxencia.

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de comezar cos rogos e preguntas o Sr. Alcalde recorda que levárase a Pleno unha moción para que non se devolverse un diñeiro ao Estado, respecto a iso anuncia que o Estado deu 200.000 € mais para o ano 2011, a pesar da cantidade que hai que devolver que ingresaran de mais. Polo que o Goberno actuou en consecuencia.

ROGOS:

O PP realiza os seguintes rogos:

- 1) Que se revise a estrada que vai dende a “casa do Rizo” ata á estrada de Ferreira.

O BNG realiza os seguintes rogos:

- 1) Hai un bache na rúa que sobe polo Express ata O Pilar.
- 2) O do alumeadado público, e di que é a enésima vez que o recordan.

O Sr. Alcalde replícalle que o alumeadado está funcionando moi ben, feicita ao Concelleiro de Obras, xa que o alumeadado está funcionando moi ben. Pídelle ao Portavoz do BNG que especifique cal é o rogo.

O portavoz do BNG di que se reparan, xa que é habitual que teñan avarías.

Contéstalle O SR. Alcalde que iso non é verdade.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

- 1) Había un empregado municipal rozando nunha finca particular, ¿estaba mandado polo Concello ou era fora de horas?

O Sr. Alcalde pídelle que concrete a finca.

Respóndelle o Sr. Fernández Manín que nos Asteleiros, pero chamaba a atención que estaba no vehículo do Concello.

O Sr. Alcalde di que xa lle preguntará ao encargado.

O BNG realiza as seguintes preguntas:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1) ¿Estase facendo correctamente a recollida selectiva dos contenedores soterrados?

Contéstalle a Sra. Incera que hai algunha empresa que non tiña a pinza para levantar os contenedores e pediron axuda ao Concello mentres adaptaban os camións.

O Sr. Alcalde recorda que no Pleno anterior o PP rogou que se repuxeran os puntos de luz que tirara o mar no Porto de Nois e di que xa está feito. E respecto ao rogo de que se puxera un quitamedos chegando á Capela do Socorro, xa se remitiu á Deputación o escrito de petición.

Dille ao Sr. Basanta, respecto ao interrogatorio que lle remitiu por escrito, que os nenos con problemas están ben atendidos por unha empresa con unha persoa especialista.

A Sra. Alonso aclara que se tivo unha reunión cos pais antes de que se contratase e todos estaban de acordo.

O Sr. González Basanta pregúntalle por que saca iso alí, o seu grupo só quería saber por escrito como se fixera e se estaban ben atendidos.

O Sr. Alcalde recorda que o PP prometera a esas persoas un local e roga que se lles dea canto antes o local.

O Sr. Fernández Manín di que eles estiveron reunidos coa Secretaria Xeral e estanse facendo a xestións por parte da Xunta.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 50 minutos do vinte e catro de febreiro de 2011, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,

Asdo.: José María García Rivera.